

A VIAXE DE SAIRA

Celtia Figueiras e Topo Vidal
con ilustracións de Julia Abal



© da autoría: Celia Figueiras e Topo Vidal
© das ilustracións: Julia Abal @*sta.virginia*
Revisión lingüística: María Mediero

Baseado na obra dramática “A viaxe de Saira” (2020)

Reservados todos os dereitos

ISBN: 978-84-123019-0-8

Editado en Galicia

1ª edición. Dixital, novembro 2020

Este proxecto editouse ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021 da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

Edita: Guindastre Edicións
www.guindastre.gal

Colección: A Xanela do Maxín

Adaptación a contos de textos dramáticos da compañía teatral “A Xanela do Maxín”
www.axaneladomaxin.com



A VIAXE DE SAIRA

Celia Figueiras e Topo Vidal
con ilustracións de Julia Abal



Nunha pequena vila francesa chamada Saint Jean Pied de Port vivía Saira. Formaba parte dunha coñecida familia que se dedicaba a traballar na pedra e, por algún estraño motivo, na súa casa ninguén ría nin choraba, e ela tampouco. Non daban.

O seu avó pasara toda a vida esculpindo unha rocha, dura coma o seu corazón. Saira non sabía moi ben o motivo, pero tras a súa morte, atopou unha nota que o avó lle deixou ao lado daquela escultura, no seu obradoiro:

«Prezada Saira:

Esta gárgola debe chegar a Santiago de Compostela e serlle entregada ao Mestre Mateo para que pase a formar parte da catedral polo ben da nosa familia.

Con agarimo, o teu avó.»

—Así que ti es unha gárgola... pero para que querería o avó que te levase a Compostela? —dille, coma se a pedra a puidese escoitar.



Ao día seguinte, Saira entrou no obradoiro coa intención de cumprir a encarga do seu avó.

—«Polo ben da miña familia»— pensaba, sen saber moi ben o que iso significaba.

De súpeto, a gárgola moveuse, tiña vida! Os ollos brillábanlle con forza. Ao primeiro, Saira asustouse mais, con valentía, agarrouna decidida para levala camiño de Compostela.

Ao final, entre o peso dunha e as ansias da outra, nada máis saíren, acabaron as dúas no chan.

—Axuda!!!! Que alguén me axude!!!!

Naquel intre, un camiñante que pasaba por alí e escoitou os berros, entrou. Nese momento a gárgola ficou inmóbil.

—E logo que fas aí no chan con esa pedra enriba? —dixo, mentres lla retiraba.

—É que teño que levala a Compostela —respondeu Saira, abraiada de que a gárgola non se moveuse nin falase diante daquel estranxeiro.

—Eu tamén vou a Compostela!!! —dixo o camiñante.

Era a súa oportunidade! O carro que levaba era perfecto para transportar aquela pesada pedra e, en troco dunha moeda e algo xantar, accedeu a axudala. Subiron a gárgola no carro para e comezaron o camiño a Compostela.



Aínda non levaban moito treito percorrido cando:

—Para! Para! Temos concorrencia. Hai público!!!! Podemos facer o espectáculo nesta praza! —dixo o camiñante— Quita a pedra esta do meu carro!

Saira baixou a gárgola do carro como puido, mentres, con asombro, vía aquel monicrequeiro montar o seu teatro.

—Público! Público!!! Achéguese!!! Rapaces, rapazas!!!! O espectáculo do monicrequeiro máis famoso do Camiño vai comezar!

Tras a función, o monicrequeiro viu, de esguello, como a gárgola se movía e non tardou en discorrer os beneficios que lle traería facer unha actuación con aquela pedra. Faríase rico! E deixaría de vagar polos mundos. Así que recolleu rapidamente o escenario e os bonecos para proseguir o camiño e argallou un novo plan de viaxe.

—Ha, ha, ha! —ría el só.





Á altura de Santo Domingo de la Calzada, Saira entra nunha carpintaría para preguntar se van por bo camiño e entretense coas historias do vello carpinteiro...

Entrementes, o camiñante aproveita a distracción para fuxir coa gárgola máxica e poder levar a cabo o seu plan.

En rematando na carpintaría, Saira sae e, sorprendida, decátase do roubo da gárgola. O carpinteiro, coñecedor dos perigos do camiño, dálle un chapeu co que agochase e unha manta para o frío, e ela non dubida en saír á procura do ladrón. Desesperada, inténase no bosque.





Ao tempo, o monicrequeiro, sen ser visto, amestra a gárgola para que actúe diante da xente, a forza de ameazas. Pensa que unha pedra que baile lle pode dar moitos cartos e facelo rico, moi rico! O máis rico do mundo.

Despois de moito andar e xa de noite, por fin Saira atopa aquel desgraciado, á beira do camiño, axeitando o carro coa gárgola para disporse a durmir.

A rapaza aproveita o escuro da noite e disfrázase coa manta coma se fose unha pantasma coa esperanza de que, co susto, o ladrón fuxa e así poderá recuperar a prezada gárgola que fixera o seu avó. Polo ben da súa familia.

Meu dito, meu feito. Co susto, o ladrón levántase e semella recoñecer a rapaza pero, cando se vai enfrontar a ela, por entre as sombras do bosque aparece a temible Santa Compañía, que o fai fuxir coma se o levase o demo.

Saira non se decata da súa presenza e, asombrada polo favorable resultado do seu engano, achégase ao carro para comprobar que a gárgola está ben.



Orgullosa, Saira reencóntrase de novo coa gárgola.

—Ah! Es ti! Nunca pensei que estaría contenta de verte. Que emoción! Estou chorando! —di a gárgola entre saloucos.

—Chorar? Que será iso de chorar? —pensa Saira.

—Volvemos para a casa? Sorrí!!! Que felicidade!!!
—continúa emocionada a gárgola.

—Que é iso de sorrir? Que raro...

—A ver ho, imos xa para a casa? —di a gárgola.

—Non! Teño que entregarte ao Mestre Mateo!

—E quen é ese?

—Imos a Compostela! —conclúe Saira.

Porén, a gárgola resítese a continuar o camiño:

—Nooooooooon!!!! Négame a moverme.

Daquela, Saira explícalle que, cando cheguen a Compostela, pasará a formar parte do monumento máis importante do mundo enteiro e que será famosa e virá xente de todos os lugares a visitala. Entón, a pedra, tan presumida, só polo afán de que a admiren, acepta seguir a viaxe.

Por fin, chegan a Arzúa. Malia que xa queda menos, Saira está cansa e ten fame, así que entra nunha taberna da vila. Alí pide algo de comer, pero non recibe máis que malas palabras do antipático señor que a atende cando lle di que, tras tan longo camiño, non lle quedan cartos para pagar os alimentos que precisa.



Cando Saira marcha, o taberneiro queda durmido... e soña...

Soña cun pobre peregrino que chega famento e canso á vila de Arzúa e pide pan nunha das panadarías que atopa. A panadeira négallo con desprezo e bótao fóra. Despois, o peregrino diríxese a outra panadaría, peta na porta e, de novo, pide un pouco de pan. Esta panadeira, apiadándose del, si que llo dá. O peregrino, agradecido, bendía.

Cal é a sorpresa desta panadeira cando, ao abrir o forno, no sitio do pan atopa un enorme lingote de ouro.

Á outra panadeira, a que lle negou o pan, queimóuselle todo no forno e, no canto do ouro, atopou carbón.

Disque foi cousa do peregrino, que resultou ser o mismísimo Santiago Apóstolo.

O taberneiro esperta desacougado e interpreta o soño como unha maldición, así que, correndo, vai á procura de Saira para ofrecerlle a súa axuda, non fose ser que lle pasase como á panadeira avarenta.

Atópaa á beira do camiño, descansando a carón do carro, e ofrécelle o queixo e algo de auga para beber.

Só quedaba un último esforzo para chegar a Compostela e repor forzas era xusto o que precisaba. Agradeceulle a axuda a aquel home tan estraño e, despois de comer e beber, púxose en marcha.





Na catedral, o Mestre Mateo, o famoso escultor, estaba a traballar no Pórtico da Gloria.

—Prezado Mestre Mateo —dille Saira.

—Quen me chama?

—Son Saira, de Saint Jean Pied de Port, e veño de parte de Pierre de Lamme, o meu avó, que, ao morrer, me deixou encargado nunha carta que lle trouxese esta gárgola.

—Ohhh! Triste perda a do meu bo amigo Pierre —di o Mestre Mateo mentres mira a gárgola—, pero o traballo non está rematado. Hai que axustar un pouco por aquí... sóbralle un pouco por alá, hai que repicar... Non é moito, mais algo aínda lle falta. Así non podo usala. Non vale.

—Meu avó morreu... xa non pode rematala.

—Non é o meu problema. Podería chegar a engadila na base da columna que estou a piques de comezar, pero só se estivese ben rematada, así non podo... e eu non teño tempo para acabala. Marcha xa, que vou con atraso, síntoo moito.



Saira, aflixida, colle o camiño de volta e a gárgola protesta.

—Para onde imos?

—Para a casa —di Saira.

—Como que para a casa? Para a casa non!

—Si! Non vales... —responde Saira.

—Como que non vallo? Coas que pasei para chegar ata aquí? Sacáchesme do meu fogar, roubáronme, levei golpes e ata tiven que bailar! E agora dime que como me faltan uns detallíños de nada vou quedar sen ser famosa? E ti sen cumprir o soño do teu avó?

—E que queres que faga?

—Colle o martelo e o cicel que ese ladrón lle roubou ao teu avó e remátame!

Saira colle no carro aquel martelo e aquel cicel que tan ben coñecía e, sen pensalo moito, repica a gárgola, quítalle un pouco de aquí, outro pouco de alá como lle dixera o Mestre Mateo... e rematada!



Contenta e satisfeita, volve xunta o Mestre Mateo...

—Mestre Mateo —di Saira.

—Outra vez por aquí?

—Remateina! Mire, marabillosa, non si?

O Mestre Mateo míraa e remíraa, ata que ao final di:

—Magnífico traballo. Tes madeira de escultora!
Darémoslle un bo lugar na base desa columna.

A gárgola, ao escoitar a boa nova, esperta eufórica.

—Mestre, aos seus pés! Tíñanme falado tanto de
vostede... Onde di que me vai colocar?

O Mestre asústase e Saira non pode evitar rir.

—Milagre!!! —di a gárgola—. Saira está a rir!!!!
Milagre!!!





Despois, ao ver a gárgola xa colocada no Pórtico da Gloria, Saira chora de emoción.

—Milagre!!! —di de novo a gárgola—. Saira está a chorar!!!! Milagre!!!! Milagre!!!

E estas foron as últimas palabras da gárgola máxica, que nós saibamos...

Saira volveu á súa vila, Saint Jean Pied de Port, cambiada, pois a gárgola, o Camiño de Santiago e, sobre todo, a chegada a Compostela mudaran o seu corazón de pedra.

Ao chegar, a familia viu a Saira rir e chorar por primeira vez, e todos comprenderon a que se refería o avó cando lles dicía que tiñan o corazón de pedra, así que decidiron emprender o Camiño a Santiago para mudalo: como Saira.



Unha viaxe desde Francia a Galicia polo Camiño de Santiago na que Saira, unha rapaza francesa, terá que levar ata a catedral a gárgola máxica esculpida polo seu avó e entregarlla ao Mestre Mateo para que a coloque no Pórtico da Gloria.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia